





3º educación primaria

# Día das letras galegas 2021

# XELA ARIAS

Xela Arias Castaño naceu o 4 de marzo de 1962 en Lugo pero foi inscrita en Sarria (Lugo) onde seu pai era mestre de primaria. Era a primoxénita de Valentín e Amparo.

Foi inscrita co nome de María de los Ángeles, xa que daquela non se podían poñer nomes galegos. En 1984 consegue que lle recoñezan o dereito a chamarse Xela, tal como a coñecían todos.

Estudou infantil e primaria no Colexio Fingoi, de Lugo, e no de Sárdoma- Moledo, en Vigo; e os estudos de secundaria no IES Castelao, tamén de Vigo, cidade na que fora destinado seu pai.

Comezou moi axiña a súa carreira literaria. Con once anos gañou o *VI Concurso de Contos Infantís de O Facho*, co relato titulado *A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopárdica*.

Traballou en Edicións Xerais de Galicia, como administrativa e no Departamento Editorial.


Foi poeta, tradutora e profesora de Lingua Castellá e Literatura en Secundaria.

Os seus libros de poemas máis coñecidos son *Tigres coma cabalos* e *Darío a diario*, dedicado ao seu fillo. Tamén foi tradutora ao galego de moitos libros: *As bruxas*, de Roald Dalh; *Contos ao Teléfono*, de Rodari; *O Gato Gaiado...*, de Jorge Amado...

Faleceu na cidade de Vigo o 1º de novembro de 2003, aos 41 anos.

Polo seu traballo a prol do idioma galego e a nosa cultura a Real Academia dedícalle o Día das Letras de 2021.

Xela Arias  
*Poesía reunida*  
(1982-2004)



XERAISS  
GALICIA

En *Poesía reunida* (1982-2004) recóllese toda a obra poética de Xela Arias.

Gianni Rodari

**Contos ó teléfono**



Juventud

A tradución de *Contos ao teléfono*, de Gianni Rodari foi realizada por Xela Arias no ano 1986.

# ACTIVIDADES BIOGRAFÍA

1. Que sabes de Xela Arias?

Cando e onde naceu?

---

Que nome lle puxeron no Rexistro Civil?

---

Cal era a profesión do seu pai?

---

En que dous colexios fixo infantil e primaria?

---

Que título ten o relato co que Xela gañou o *Concurso de Contos Infantís O Facho*?

---

Que profesións tivo Xela?

---

Completa os títulos de dous libros de Xela e unha tradución.

T    G R    S    C    M    C    B    L    S

D    R          D       R         

C    N T    S       T    L    F    N

2. Escribe **V** (verdadeiro) ou **F** (falso). Escribe correctamente as tres falsas.

Xela naceu na Coruña.

Dedicoulle un libro ao seu fillo.

Seus pais chamábanse Valentín e Amparo.


Estudou no colexio Fingoi de Lugo.

Traballou nun xornal.

Escribiu o libro *Darío semanalmente*.

3. Xela gañou un concurso de contos con 11 anos. O seu conto titúlase **A FRAGA DOS PAXAROS FALADORES E A FRAGA LEOPARDICIA**. Que palabras podes formar coas letras do título?

4. Completa o encrucillado sobre a biografía de Xela Arias.



1 X

2 E

3 L

4 A

5 A

6 R

7 I

8 A

9 S

## HORIZONTAIS

1. En que editorial traballou Xela?
2. Cal era a profesión do seu pai?
3. En que instituto vigués estudou o bacharelato?
4. En que localidade luguesa foi inscrita Xela cando naceu?
5. Como se chama a súa nai?
6. Un dos traballos de Xela na Editorial Xerais.
7. Cidade na que faleceu.
8. Nome do fillo de Xela.
9. Traballo que desempeñou nos institutos de secundaria.

1. XERAI S 2. MESTRE 3. CASTELAO 4. SARRIA 5. AMPARO  
6. TRADUTORA 7. VIGO 8. DARIO 9. PROFESORA

5. Xela viviu en varios lugares de Galicia. Localiza nesta sopa de letras os nomes dos concellos galegos do recadro.

**CARBALLO  
RIBADAVIA  
MUROS  
CERVO  
ALLARIZ  
CEDEIRA  
MONFORTE  
LALÍN  
BAIONA  
MONDOÑEDO  
FOZ**

Z	B	F	B	D	A	V	M	X	N
C	A	R	B	A	L	L	O	R	M
L	I	C	T	D	L	F	N	L	P
N	O	S	X	Z	A	G	F	Z	C
F	N	B	C	E	R	V	O	H	M
L	A	L	I	N	I	C	R	B	U
M	V	H	F	O	Z	L	T	V	R
Z	M	O	N	D	O	Ñ	E	D	O
G	N	C	E	D	E	I	R	A	S
R	I	B	A	D	A	V	I	A	X

6. Xela foi escritora, pero tamén traduciu ao galego obras doutros autores: Gianni Rodari, Miguel de Cervantes, Jorge Amado, Dahl... Clasifica os títulos destes libros segundo sexan traducións de Xela ou obras propias.

**TIGRES COMA CABALOS**

**A FRAGA DOS PAXAROS ...**

**AS BRUXAS**

**O GATO GAIADO...**

**CONTOS AO TELÉFONO**

**DARÍO A DIARIO**

<b>XELA ESCRIBIU...</b>	<b>XELA TRADUCIU...</b>
_____	_____
_____	_____
_____	_____

7. Ordena estes acontecementos da vida de Xela Arias e despois cópialos por orde.

- Falece na cidade de Vigo en 2003.
- Estuda secundaria no IES Castelao, de Vigo.
- Traballa en Edicións Xerais de Galicia.
- Traduce *Contos ao teléfono*, de Gianni Rodari.
- Dedícaselle o Día das Letras Galegas en 2021.
- Nace en Lugo e é rexistrada en Sarria.
- Fai infantil e 1º de primaria no colexio Fingoi, de Lugo.

<b>1</b>	_____
<b>2</b>	_____
<b>3</b>	_____
<b>4</b>	_____
<b>5</b>	_____
<b>6</b>	_____
<b>7</b>	_____

## A FRAGA DOS PAXAROS FALADORES E A FRAGA LEOPARDICIA

XELA ARIAS CASTAÑO (11 ANOS)

Hai xa certa cantidade de anos, non sei cantos, estaba eu na miña casa de Xemil e tiven unha idea: ir viaxar e explorar o mundo.

Pois ben, comecei a facer as maletas recollendo todos os meus trebellos. Metín as maletas e blusas no ascensor e baixei. Abrín o coche, e a correr. Ía a 200 por hora.

Ese coche meu é un «Leopardo a reacción» que inventaron uns científicos amigos meus. Que, por certo, dixéronme que puxera anuncios e dixera ás xentes que no seu laboratorio teñen unha medicina que o que a tome durará millóns e millóns de anos. Este laboratorio está na rúa Saturno, número 20, piso 100.000 (Así que, o que queira vivir millóns e millóns de anos xa sabe a onde dirixirse).

Cheguei a unha fraga. Pero esta fraga era pequena. E os seus únicos habitantes eran paxaros faladores. Os cales arroteáronme segundo cheguei. (Eran moi grandes, como xigantes). E un que estaba traxeado con camisa branca, levita negra e calzón froleado, díxome:

*-Pirris, Pío-Pío, pos turistis exangos.*

Que quere dicir: «Os Pío-Pío saúdan aos turistas estranxeiros».

Eu estirei a man para dicir «encantada de coñecelo». Pero el alargou a pata. E eu, asustada, preguntei:

*-Que significa?*

*-Pío-Pío quer tristar paspa.*

O que quere dicir: «Pío-Pío quere chocar as patas».





# ACTIVIDADES

1. Arrodea a resposta correcta.

En que número estaba o laboratorio na rúa Saturno?

**15            8            20            13**

Como era a fraga?

**grande    frondosa    pequena    húmida**

Quen habitaba na fraga?

**persoas    paxaros    lebres    raposos**

Que quería explorar o protagonista?

**a fraga    o mundo    o laboratorio    a casa**

2. Verdadeiro ou falso?

Este laboratorio está en Marte.

A fraga era moi grande.


Os únicos habitantes da fraga eran os paxaros faladores.

Os paxaros eran moi pequenos, coma ananos.

No laboratorio teñen unha medicina que o que a tome durará millóns e millóns de anos.

3. Se foses de viaxe unha fin de semana de verán á praia, que meterías na maleta? Arrodea.

**calcetíns      sandalias      abrigo**  
**bañador      lentes de sol      botas**  
**pantalón curto      camiseta**  
**crema solar      gorra      toalla**  
**impermeable      paraugas**  
**anorak      polo      chaquetón      libro**



4. A protagonista di que ía a 200 km. por hora. Cres que iso está ben? Arrodea de verde as accións que son correctas e de vermello as que non.

**Ir no coche a 200 km por hora.**

**Camiñar pola rúa mirando o móbil.**

**Ir no coche sen poñer o cinto.**

**Mirar para os dous lados antes de cruzar a rúa.**

**Seguir as indicacións dos sinais e dos semáforos.**

**Cruzar en vermello nun semáforo.**

**Camiñar pola beirarrúa.**

5. Pensa... a ti gustaríache vivir millóns e millóns de anos? Por que? Que farías en todos eses anos? Como cres que cambiaría a túa vida ao longo do tempo? Que descubrimento se realizaría nese tempo?

---

---

---

6. Imos de viaxe? Elixo un destino e completa o billete de avión e os datos que aparecen na parte inferior.

<b>TARXETA DE EMBARQUE</b> PRIMEIRA CLASE					<i>ARGALIZA</i>	<b>TARXETA DE EMBARQUE</b> PRIMEIRA CLASE			
NOME PASAXEIRO OU PASAXEIRA						NOME PASAXEIRO OU PASAXEIRA			
VOO	DENDE	DESTINO	CLASE	PISTA	HORA SAÍDA	ASENTO			
<b>1438</b>			PRIMEIRA	<b>A24</b>	<b>8:15</b>	<b>9F</b>			
PISTA	HORA SAÍDA	HORA CHEGADA	ASENTO						
<b>A24</b>	<b>8:15</b>	:	<b>9F</b>						

1.- De que compañía aérea é a tarxeta de embarque?

---

2.- Cal é o número do voo?

---

3. De que pista vai saír o voo?

---

4. A que hora?

---

5. En que asento vas viaxar?

---

6. O asento estará a carón da fiestra? Por que o sabes?

---

7. De onde sae o voo? Cal é o seu destino?

---

7. E agora imos facer quilómetros! Calcula.

De A Coruña a Madrid hai 592 km.

De Madrid a Londres hai 1726 km.

Cantos quilómetros percorrерemos se viaxamos a Londres? Saímos en avión de A Coruña e temos que facer escala en Madrid.

E cantos quilómetros percorrерemos entre a ida e a volta?



8. Atopa na sopa de letras as palabras do recadro.

**TREBELLOS**

**LABORATORIO**

**SATURNO**

**FRAGA**


**TURISTAS**

**LEOPARDO**

Z	C	H	M	X	F	N	V	L	T	B
V	F	G	B	S	C	M	L	G	U	X
M	R	L	Z	T	B	V	E	X	R	N
L	A	B	O	R	A	T	O	R	I	O
D	G	X	N	E	M	C	P	B	S	H
F	A	N	M	B	V	S	A	Z	T	X
G	B	C	H	E	Q	N	R	M	A	L
X	L	Z	B	L	M	C	D	V	S	F
H	C	M	D	L	F	B	O	N	L	X
V	M	B	G	O	Q	H	D	Z	S	C
N	Z	V	X	S	A	T	U	R	N	O



8. Resolve o encrucillado usando palabras do texto.




## HORIZONTAIS

1. As persoas que inventaron o «leopardo a reacción».
2. Peza de roupa interior masculina que levaba un dos paxaros.
3. Cantos anos durará a xente que tome a medicina?
4. Lugar onde vivían os paxaros faladores.
5. Que quería explorar a protagonista do conto?
6. Aves que habitaban a fraga e eran moi faladores.
7. Planeta que dá nome á rúa.
8. Como era a fraga?
9. Aparellos que comezou a recoller a protagonista ao facer as maletas.

1. CIENTÍFICOS 2. CALZÓN 3. MILLÓN 4. FRAGA 5. MUNDO  
6. PAXAROS 7. SATURNO 8. PEQUENA 9. TREBELLOS

**O GATO GAIADO E A ANDORIÑA SEÑÁ:  
UNHA HISTORIA DE AMOR**  
**JORGE AMADO**  
Tradución: Xela Arias



## Capítulo inicial, atrasado e fóra de lugar



ANDORIÑA SEÑÁ, amais de bela, era un pouco tola. Toliña, quédalle mellor. A pesar de frecuentar aínda a escola dos paxaros - onde o papagaio dictaba a cátedra de relixión- era tan xoven que os respectables pais non a deixaban saír á noite soíña cos seus admiradores; mais xa estaba metida a independente, facheando de manter boas relacións con toda a xente do parque. Amiga das flores e das árbores, dos parrulos e das galiñas, dos cans e das pedras, dos pombos e do lago. Con todos ela conversaba...



# ACTIVIDADES

1. Como era a andoriña?

---

2. Cal era o seu nome?

---

3. Arrodea de que animais era amiga.

**parrulos gatos cans galiñas galos coellos pombos**

4. Tamén era amiga de cousas. De cales?

**flores montaña mar árbores pedras río lago**

5. O texto di que a andoriña con todos conversaba... Como cres que conversaba? Conversan os animais? Une cada animal coa súa voz característica.

**paxaros**


**ovella**

**boi**

**cabalo**

**lobo**

**galiña**



**ouvear**

**cacarexar**

**rinchar**

**piar**

**bruar**

**bear**

6. Cales son os dous adxectivos que definen á andoriña Señá?

\_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_

Escribe dous adxectivos que caractericen a estes animais.

**tigre:** \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_

**can:** \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_

**gato:** \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_

**galiña:** \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_

**tartaruga:** \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_



7. A andoriña Señá era un pouco toliña. Completa esta táboa cos diminutivos e aumentativos correspondentes.

<b>DIMINUTIVO</b>	<b>PALABRAS SEN SUFIXO</b>	<b>AUMENTATIVO</b>
	<b>casa</b>	
		<b>bicazo</b>
<b>patañas</b>		
	<b>barca</b>	
	<b>nariz</b>	
	<b>pinga</b>	



8. A expresión «**sentar cátedra**» significa opinar de maneira rotunda sobre algo. Une as expresións co seu significado.

**Sen pelos na lingua**

**Ser pan comido**

**Non ter nin pés nin cabeza**

**Andar con pés de chumbo**

**Non pegar ollo**

**Actuar con coidado**

**Ser moi sinxelo**

**Falar claro**

**Non ter sentido**

**Pasar a noite sen durmir**

9. Tamén hai moitas expresións con animais. Intenta completar cada unha delas co nome do animal que corresponda.

**crocodilo lobo lebre pavo cabra paxaro elefante**

**Dar gato por** \_\_\_\_\_ .


**Ter memoria de** \_\_\_\_\_ .

**Verlle as orelas ao** \_\_\_\_\_ .

**Estar na idade do** \_\_\_\_\_ .


**Bágoas de** \_\_\_\_\_ .

**Estar coma unha** \_\_\_\_\_ .



**Máis vale** \_\_\_\_\_ **en man que cento voando.**

10. Atopa na sopa de letras palabras que aparecen no texto e que están no recadro e completa as frases.



Os dous adxectivos que definen á andoriña Señá:

\_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_

Os animais que ían á escola: \_\_\_\_\_

De que animais era amiga?

Dos \_\_\_\_\_, das \_\_\_\_\_, dos \_\_\_\_\_ e dos \_\_\_\_\_.

11. O peso das andoriñas varía entre os 18 e os 20 gramos. Que tres cousas da aula poden pesar arredor deses gramos?

12. Cando as andoriñas fan a migración adoitan viaxar en grupos. A distancia que poden percorrer é duns 960 km por día. Cantos quilómetros poderán percorrer nunha semana?



13. Os animais poden ser carnívoros, herbívoros, omnívoros ou insectívoros tendo en conta o que comen. Que cres que comen as andoriñas?

Clasifica os seguintes animais segundo o seu tipo de alimentación.

**águia   oso   formigueiro   andoriña   canguro   porco  
serpe   chimpancé   vaca   ra   ovella   morcego**

CARNÍVOROS	HERBÍVOROS	OMNÍVOROS	INSECTÍVOROS

